

ESTIMAD@S VECIÑ@S, ANTE A SAÍDA A EXPOSICIÓN PÚBLICA POR PARTE DO CONCELLO DOS PLANS DE IMPLANTACIÓN DAS COMPAÑÍAS DE TELEFONÍA MÓBIL PARA A POSTERIOR LEGALIZACIÓN DAS ANTENAS SITUADAS NESTE TERMO MUNICIPAL QUEREMOS FACILITARLLES A SIGUIENTE INFORMACIÓN:

Existen numerosos estudos e investigacións científicas que relacionan as emisións das antenas de telefonía móbil con riscos para a saúde. Como un pequeno exemplo podemos citar estes tres:

**ESTUDO WOLF & WOLF:**

Estudo israelí que sinala que dentro dun radio de acción de 350 metros dunha estación de telefonía incrementase en 4,15 veces as posibilidades de contraer cancro.

**ESTUDO MULTICÉNTRICO REFLEX DA COMISIÓN EUROPEA:**

Conclúe que a radiación da telefonía móbil ós niveis de exposicións autorizados PROVOCA EFECTOS XENOTÓXICOS nunha exposición continuada (sobre todo en nen@s, mulleres embarazadas e persoas maiores).

**“A SÍNDROME DE MICROONDAS” (ESTUDO PRELIMINAR REALIZADO EN ESPAÑA):**

“A exposición a microondas de GSM (900-1800 MHz) incrementa significativamente e considerablemente o padecemento de fatiga, tendencia depresiva, desordes do soño, problemas cardiovasculares, dificultades de concentración, desordes da pel...”.

Dado que non existe ningún estudo que poida demostrar a inocuidade deste tipo de ondas, o Colectivo de Afectados pola Contaminación Electromagnética das Barxas vimos demandando ó Concello, dende o pasado mes de abril, que aplique o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN. Polo que lle solicitamos **o traslado das antenas de telefonía a un lugar, fóra das zonas residenciais, onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebaixe ós niveis biolóxicos mínimos tolerables e non afecten á poboación, e que o valor límite de emisión para todos os equipos emisores de ondas electromagnéticas non supere 0.1  $\mu$ W/cm<sup>2</sup> (é dicir, 0.614 Voltios por metro); compatibilizando deste xeito as novas tecnoloxías e a saúde.**

Con este comunicado **NON QUEREMOS CREAR UNHA ALARMA SOCIAL**, pero si pensamos que, por desgraza, xa existen numerosos exemplos no pasado que por non utilizar o Principio de Precaución, conduciron a serios prexuízos, a miúdo irreversibles, sobre a saúde e sobre o medio ambiente.

Tódolos veciños teñen dereito a información sobre temas que lle poden afectar directamente, polo que o Colectivo de Afectados pola Contaminación Electromagnética das Barxas, a Asociación de Veciños Xeremelo e a Federación de Veciños A Chamusca CONVOCAMOS, PARA O PRÓXIMO **VENRES, 5 DE DECEMBRO, AS 20:30 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO**, A TÓDOLOS VECIÑOS INTERESADOS A UNHA XORNADA INFORMATIVA **SOBRE AS POSIBLES CONSECUENCIAS QUE AS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL PODEN TER SOBRE A SAÚDE.**

**ACUDE, INFÓRMATE E ESIXE O TEU DEREITO A  
SAÚDE.**